



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A accesibilidade universal

CONVOCATORIA: Convocatoria autonómico segundo semestre

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
-----------------------	----------------	--------------	---------------	---------------	----

ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
------------------------	------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1
-------------------------	---------------	-------------------	------------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 27/06/2019 - 08:00h ao 10/07/2019 - 23:55h

RESPONSABLE: ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso pretende dar a coñecer o concepto de accesibilidade universal. Transmitir as súas consecuencias prácticas transversais a todos os temas e actividades. Entender a accesibilidade como mellora do confort e seguridade para todas as persoas.

Unha das súas consecuencias será a excelencia no trato a persoas con discapacidade. Traballar a mellora do trato directo cas persoas ten que incluír a toda a poboación cas características propias de cada individuo.

Outro punto importante é que os documentos que se manexan nas administracións públicas, tanto os dirixidos ao público como os internos, teñen que ter uns mínimos de accesibilidade. Enténdese que os traballadores tamén poden estar en situación de discapacidade temporal ou definitiva.

Mostrarase como a accesibilidade en espazos interiores, non so dependen das persoas que os deseñan. Todos podemos mellorar a accesibilidade dos espazos nos que traballamos, con pequenas cousas das que non soemos ser conscientes.

Por último, todas as persoas somos, en parte, responsables do mantemento e bo uso do espazo urbano.

Se entendemos a ergonomía, o funcionamento e o porqué de como teñen que ser as cousas, potenciaremos as capacidades das persoas sexa cal sexa o seu potencial inicial.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

Tendo en conta a transversalidade desta materia, desenvolverase en cinco módulos, os seguintes temas:

Módulo 1: Concepto de accesibilidade.

Desenvolverase dende o seu orixe (sempre existiu) ata a actualidade e a aparición dos criterios de deseño universal. Ditos criterios son aplicables tanto as tarefas de todo traballo como a todas as actividades da vida cotiá. Mostrarase como a accesibilidade é garantía e vehículo para poder alcanzar os dereitos humanos.

Módulo 2: Excelencia na atención ao público.

Cada un intentamos mellorar a calidade do traballo que realizamos así como nas nosas relacións sociais e laborais. A comunicación ten un papel moi importante neste ámbito, por isto é preciso saber transmitir o noso mensaxe a toda a diversidade de persoas. Tamén convén saber como poder facilitar a mobilidade no caso en que sexa necesario algún apoio.

Módulo 3: Accesibilidade nos documentos

Na administración pública manéxanse multitude de documentación, tanto para uso interno dos propios traballadores, como para a poboación en xeral. Estes documentos, así como a web, ten que ser minimamente accesible. Na web

poderemos facer unha revisión de manexo e visual. Mostraremos como redactar documentos accesibles segundo ás persoas ás que está dirixida e os distintos temas a tratar.

Módulo 4: Espazos accesibles interiores baseados na ergonomía.

Poñerase especial atención naqueles espazos dedicados á cultura: A sinalización adecuada, a altura de colocación dos elementos a mostrar e dos elementos cos que se quere que os visitantes interactúen, os espazos de deambulación, punto de acollida dos visitantes entre outras cousas.

Tratarase como conseguir uns espazos de traballo mais cómodos e seguros.

Módulo 5: Actitude cívica que facilita espazos accesibles exteriores.

Explicando o porqué dalgúñas decisións no espazo urbano, mostraremos a necesidade dunha actitude de respecto ante os espazos para non crear, co noso comportamento, discriminacións sen ser conscientes.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 14/10/2019 a 06/11/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 12/11/2019 ás 10:00h

DOCENTES NOMEADOS

Combina Social S. L. Unipersoal

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 3 (Informática): O día 12 de novembro de 10:00 a 10:59. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 12 de novembro de 10:00 a 10:59. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA: Soto do Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Praza Luis Seoane s/n.

FERROL: 1ª planta, Oficina Coordinadora da Delegación de Presidencia e Administración Pública, Praza Camilo José Cela, s/n.

LUGO: Baixo, 2º, Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Ronda da Muralla, 70.

OURENSE: 7ª andar, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. Habana, 79.

PONTEVEDRA: Baixo, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. María Victoria Moreno, 43.

VIGO: 8º andar, Edificio Administrativo, Praza da Estrela, 9A.